



CLUB FERROL TENIS DE MESA
Avda. Castelao s/n (Casa do Deporte)
15406 – Ferrol
Tel: 622224647 / 600855414
E-Mail: clubferroltm@gmail.com
CIF: G15154990

V MEMORIAL "JAIME LÓPEZ" DE TENIS DE MESA

Torneo encadrado dentro do Circuito Galego da FGTM

DATA DE CELEBRACIÓN: 30 e 31 de xullo de 2011

LUGAR: Pavillón Municipal A Malata (Ferrol)

HORARIOS:

Sábado e Domingo: De 9:30 a 21:00

Probas a disputar

O sábado 30 de xullo:

CATEGORÍAS: benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, sub-23 (todas en masculino e feminino) veteranos +40, veteranos +50 e veteranas.

Estableceranse as seguintes categorías:

Benxamín masculino e feminino: Nacidos nos anos 2002 e 2003.

Alevín masculino e feminino: Nacidos nos anos 2000 e 2001.

Infantil masculino e feminino: Nacidos nos anos 1998 e 1999.

Cadete masculino e feminino: Nacidos nos anos 1996 e 1997.

Xuvenil masculino e feminino: Nacidos nos anos 1994 e 1995.

Sub-23 masculino e feminino: Nacidos entre os anos 1989 e 1993.

Veteranos +40: Nacidos entre os anos 1963 e 1972.

Veteranos +50: Nacidos entre os anos 1953 e 1962.

Veteranas: Nacidos no ano 1972 e anteriores.

O domingo 31 de xullo:

A proba ABSOLUTA masculina e feminina.

Sistema de xogo

En todas as categorías haberá dúas fases:

- A 1ª fase será clasificatoria por grupos, sempre que as inscricións o permitan.
- A 2ª fase será por eliminatoria directa.





CLUB FERROL TENIS DE MESA
Avda. Castelao s/n (Casa do Deporte)
15406 – Ferrol
Tel: 622224647 / 600855414
E-Mail: clubferroltm@gmail.com
CIF: G15154990

Arbitraxes

Os grupos serán arbitrados polos propios xogadores.

Na segunda fase terán que arbitrar os xogadores que queden eliminados, excepto nas semifinais e finais.

Calquera xogador pode ser descalificado se se nega a arbitrar.

Inscricións

Os clubs galegos interesados en participar neste torneo deberán cubrir o formulario dispoñible na páxina web da Fedaración Galega de Tenis de Mesa (www.fgtm.es). Os clubs de fora da Galicia poderán inscribirse no seguinte correo: clubferroltm@gmail.com

A data límite de recepción das inscricións finalizará ás **20:00 do domingo 24 de xullo de 2011.**

Trofeos

Entregaranse trofeos os tres primeir@s clasificad@s de cada proba.

Si unha proba non se puidese celebrar por non reunir os 8 participantes mencionados, a organización poderá facer entrega dun trofeo ao mellor clasificad@ desa categoría.

Notas

A inscrición será libre.

Para que se celebre unha proba terá que haber un mínimo de 8 xogadoras/es inscritos.

Ningún xogador/a poderá participar no mesmo día en máis dunha categoría.

Os grupos e sorteos, realizaranse de acordo coa normativa do Circuíto Galego da Federación Galega de Tenis de Mesa.

O desenvolvemento dos partidos do torneo farase de acordo co Regulamento Técnico en vigor da Real Federación Española de Tenis de Mesa.

O Xuíz Árbitro de acordo co Comité de Organización deste torneo poderá facer os cambios que considere oportunos tendo en conta as altas ou baixas que se poidan producir.

O Xuíz Árbitro de acordo co Comité de Organización e en vista dos xogadores inscritos e o tempo dispoñible para o desenvolvemento das distintas probas, poderán decidir que o torneo continúe disputándose entre as 14,00 e as 16,00 horas, procurando dar o máximo tempo posible para que todos os participantes poidan comer por quendas.

A participación neste torneo implica a aceptación desta normativa.

